



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Departamento de INGLÉS

CURSO 2019-20

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	4
1.1. Lexislación: o marco legal LOMCE	4
1.2. O centro e o seu entorno	4
1.3. O alumnado do centro	4
1.4. Datos xerais do Departamento	4
1.5. Información ao alumnado.....	6
2. AS COMPETENCIAS CLAVE	6
2.1. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	6
2.2. Relación de estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais	9
1º ESO	10
2º ESO	12
3º ESO	14
4º ESO	17
1º BACHARELATO	20
2º BACHARELATO	23
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO	26
4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS E AS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, DA TEMPORALIZACIÓN E DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	32
4.1. Temporalización	32
1º ESO	33
2º ESO	44
3º ESO	56
4º ESO	68
1º BACHARELATO	84
2º BACHARELATO	102
4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	117
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	153
5. METODOLOXÍA	156
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	158
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO	159
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	161
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES	163
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACHARELATO)	163
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS	164
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	164

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	165
13.1. Plan lector	166
13.2. As tecnoloxías da información e da comunicación	167
13.3. Programación da educación en valores	169
13.4. Accións de contribución ao plan de convivencia	169
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	170
15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	171
16. EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS (ESA)	173
17. PROGRAMA CUALE	177

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1 Lexislación: o marco legal LOMCE

Esta programación foi elaborada de acordo coas seguintes disposicións legais:

- Decreto 133/2007 do 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria (ESO) na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 13 de xullo de 2007), redactado segundo a Lei orgánica da educación (LOE) 2/2006 do 3 de maio (texto consolidado) e o Real decreto 1631/2006 do 29 de decembro.
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño que establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Tamén se tiveron en conta os criterios emanados do Proxecto Curricular e do Proxecto Educativo do Centro, das decisións de carácter xeral adoptadas polo Departamento e, finalmente, da experiencia acumulada na didáctica da área ao longo do período.

1.2 O centro e o seu entorno

O IES de Melide está situado no centro da vila de Melide, no concello do mesmo nome. Pertence á *Comarca de Terra de Melide*, que abrangue catro concellos: Melide, Santiso, Sobrado e Toques. Aínda sendo un concello grande, a poboación apenas ronda os 7.500 habitantes, e é fundamentalmente rural. Aparte das actividades agropecuarias e do sector forestal, base da súa economía, tamén depende do turismo xa que goza dunha situación xeográfica privilexiada no Camiño de Santiago.

No aspecto cultural e de ocio existen entidades como o Conservatorio de Música de Grao Medio, a aula CeMIT e a Biblioteca Municipal –sitos no Edificio Multiusos-, o Pazo de Congresos e Exposicións, a Casa da Cultura, o Museo da Terra de Melide e diversas asociacións culturais. No que a actividades deportivas se refire, cóntase con varias áreas distribuídas en distintos puntos do Concello: unha piscina municipal climatizada, o pavillón polideportivo municipal, así como piscinas e pistas polideportivas exteriores.

1.3 O alumnado do centro

O centro acolle ao alumnado procedente dos cinco colexios do concello: tres deles na propia vila e outros dous de entorno totalmente rural.

O alumnado é heteroxéneo, con bagaxe moi diferente, distintos coñecementos previos e experiencias de aprendizaxe. Tamén conta cun pequeno número de alumnos emigrantes, fundamentalmente marroquís.

Agás unha porcentaxe mínima en 1º Bac que cursa portugués, todo o alumnado cursa inglés como primeira lingua estranxeira. Sendo esta unha lingua de distinta procedencia que o galego e o castelán, e por tanto tan diferente, esta situación resulta especialmente problemática para o alumnado con NEE ou AC, que non atopa no seu entorno, nos seus coñecementos previos ou nos seus intereses nada que o vincule ao inglés para poder aprender e avanzar.

1.4 Datos xerais do departamento

Materias que se imparten no departamento:

- Primeira lingua estranxeira: Inglés

Niveis, cursos e programas nos que o departamento imparte Inglés:

- ESO: catro unidades en 1º e 2º; tres unidades en 3º e 4º.
- BACHARELATO: dúas unidades en 1º e 2º.
- ESA: un grupo do nivel II (módulos 3 e 4).
- FP BÁSICA: dous grupos, un de 1º e outro de 2º.

- **CUALE:** coa finalidade do impulso da mellora do coñecemento das linguas estranxeiras, impártense no centro os niveis CUALE A1, A2, B1 e B2, fóra do horario lectivo. O programa ten como obxectivo unha mellora substancial da competencia lingüística do alumnado da ESO e Bacharelato, así como preparamos para as probas de certificación dos niveis correspondentes das ensinanzas de idiomas de Réxime Especial, cuxos contidos coincidirán cos niveis do Marco común europeo de referencia para as linguas, MCERL.

Coordinación: o departamento ten a coordinación dunha sección bilingüe: Tecnoloxía en 2º e 3º ESO, e TIC Bilingüe en 4º ESO.

O alumnado das seccións bilingües agrúpase independentemente do resto do nivel nas clases de inglés para facilitar a coordinación cos profesores CLIL. Por este motivo, en 2º e 3º de ESO dos grupos B e C agrúpanse segundo participen ou non na sección bilingüe.

Desdobres: todos os grupos de ESO e Bacharelato contan cunha hora de desdobre semanal, na que haberá dous profesores na aula ou se dividirán os alumnos en dous grupos, un con cada profesor, dependendo da tarefa. Estas clases de desdobre adícaranse a actividades orais e de conversa fundamentalmente, pero tamén a proxectos ou traballo colaborativo, actividades de reforzo, de atención á diversidade, etc., aproveitando o recurso do segundo profesor.

Membros do departamento:

Andrés Casal, Amelia
 Fernández Barreiros, Claudio (Xefe de Estudos)
 López Caramés, Cristina
 Manteiga Gómez, M^a Dolores (Xefa de Departamento)
 Rivas Romero, Mercedes
 Staton Nogueira, Ana M^a

A distribución por niveis e grupos queda do seguinte xeito:

	PROFESOR TITULAR	DESDOBRE DE CONVERSA
1º ESO		
A	Amelia	Cristina
B	Amelia	Cristina
C	Amelia	Cristina
D	Amelia	Mercedes
2º ESO		
A	Ana M ^a	Amelia
B	Ana M ^a	Amelia
C/D bilingüe	Amelia	Cristina
C/D non bilingüe	Ana M ^a	Mercedes
3º ESO		
A	Cristina	Amelia
B/C bilingüe	Ana M ^a	Amelia
B/C non bilingüe	Cristina	Mercedes
4º ESO		
A	Claudio	Amelia
B	Mercedes	Cristina
C	Mercedes	Ana M ^a

1º BAC		
A	Ana Mª	Mª Dolores
B-1	Ana Mª	Mª Dolores
B-2	Mercedes	Cristina
2º BAC		
A	Cristina	Ana Mª
B	Cristina	Mercedes
FPB 1	Cristina	
FPB 2	Claudio	
ESA	Mª Dolores	
CUALE A1	Mª Dolores	
CUALE A2	Mª Dolores	
CUALE B1	Mª Dolores	
CUALE B2	Mª Dolores	
Contrato programa		Amelia
Contrato Programa		Claudio
Coordinación Sección Bilingüe Tecnol. 2º ESO		Cristina
Coordinación Sección Bilingüe Tecnol. 3º ESO		Mercedes
Coordinación Sección Bilingüe TIC 4º ESO		Ana Mª
Xefatura de Departamento		Mª Dolores
Coordinación de Biblioteca		Mª Dolores
Cargo Directivo		Claudio

1.5 Información ao alumnado

Este departamento informará ao alumnado sobre a programación, especialmente no que se refire a criterios de avaliación e cualificación, e sobre o desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe. O alumnado obterá esta información na clase, nos taboleiros do centro e na páxina web do noso IES:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/iesmelide/>

2. AS COMPETENCIAS CLAVE.

2.1 Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

O DOG de 29 de xuño de 2015 considera que as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai mais alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar.

A incorporación de competencias clave ao currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos. De aí o seu carácter básico. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Coas materias do currículo preténdese que todas as alumnas e os alumnos alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, que adquiran as competencias básicas. Con todo, non existe unha relación unívoca entre o ensino de determinadas materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha delas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, pola súa vez, cada unha das competencias clave alcanzarase como consecuencia do traballo en varias materias. Ao seren as competencias un elemento organizador van ter influencia non só nos contidos e na avaliación senón tamén na metodoloxía.

Para os efectos da programación LOMCE na materia de Inglés, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

- a) Comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia dixital (CD).
- c) Aprender a aprender (CAA).
- d) Competencias sociais e cívicas (CSC).
- e) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- f) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación neste caso da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

A materia de inglés relaciónase moi directamente coa competencia en comunicación lingüística, pero, debido aos trazos comunicativos, sociais e culturais, tamén contribúe ao desenvolvemento doutras competencias como a de aprender a aprender, a do tratamento da información e competencia dixital, a competencia social e cidadá, a competencia artística e cultural e a da autonomía e iniciativa persoal. De maneira máis tanxencial tamén contribúe ás competencias matemática e do coñecemento e a interacción co mundo físico, especialmente mediante a utilización da lingua estranxeira como instrumento de información con outros contidos do currículo.

a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCA)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

O desenvolvemento da competencia lingüística comporta o dominio da lingua inglesa oral e escrita –con distinto nivel dependendo do curso– en múltiples contextos. Sen dúbida, a materia da lingua estranxeira contribúe á competencia en comunicación lingüística, pois ofrece máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender.

Contribución da materia á competencia lingüística:

- Desenvolver destrezas comunicativas, tanto receptivas como produtivas.
- Ler, escoitar e falar sobre os distintos temas tratados.
- Transferir ao coñecemento da lingua estranxeira as estratexias de comunicación adquiridas na lingua materna ou na aprendizaxe doutras linguas.
- Estar dispostos a utilizar a lingua estranxeira como vehículo de comunicación.
- Reflexionar sobre as estratexias de aprendizaxe utilizadas.
- Colaborar con compañeiros/as para negociar significados.
- Interesarse pola corrección na produción de textos orais/escritos.
- Interesarse por aplicar técnicas para lograr unha lectura ou unha produción oral máis eficaz.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia débese atender ao cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións nas que se concretan:

- O **compoñente lingüístico** comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

- O **compoñente pragmático-discursivo** contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as ti comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
- O **compoñente socio-cultural** inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
- O **compoñente estratéxico** permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, escóitaa e a conversación, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
- Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe un **compoñente persoal** que intervéñ na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

b) COMPETENCIA DIXITAL (CD)

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Require do alumnado o manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos. Para manexar a información usarase o CD, DVD, internet, programas de software específicos, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc.

Contribución da materia ao tratamento da información e competencia dixital:

- Utilización do dicionario, revistas, CD como materiais de búsqueda de información.
- Empregar materiais de referencia.
- Elaboración dun artigo para a revista escolar ou para outras tarefas.
- Emprego do correo electrónico nas relacións de amizade entre falantes.

c) COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER (CAA)

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.

Significa ser consciente do que se sabe e do que cómpre aprender, de como se aprende, e de como se xestionan e controlando de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

Contribución da materia á competencia para aprender a aprender:

- Reflexionar sobre os procesos de aprendizaxe e amosar interese por incorporar melloras que leven ao éxito na consecución das tarefas formuladas.
- Reflexionar sobre a propia aprendizaxe (auto-avaliación).
- Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (dicionarios ou revistas) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.
- Estar disposto a avaliar e ser avaliado polos compañeiros/as.
- Utilizar a asociación como estratexia para memorizar vocabulario.
- Interesarse pola corrección na produción de textos orais/escritos.

d) COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS (CSC)

A aprendizaxe do inglés como lingua estranxeira vai axudar ao desenvolvemento global das persoas. A contribución desta materia á competencia social e cidadá prodúcese a través de dúas vías: todas as linguas son un vehículo para a interacción social, e a súa aprendizaxe comprende non só aspectos exclusivamente lingüísticos, senón compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua.

Contribución da materia á competencia social e cidadá:

- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes como elemento favorecedor das relacións sociais e interpersoais.
- Colaborar cos compañeiros en tódalas tarefas lingüísticas a realizar.
- Estar disposto a consultar dúbidas cos compañeiros, profesor, libros de consulta, ...
- Interesarse polo traballo dos compañeiros/as respectando as súas opinións
- Intercambios comunicativos reais con persoas de fala inglesa nunha relación epistolar: "penfriends".
- Ser receptivo aos distintos gustos e opinións.

e) SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)

A autonomía e iniciativa persoal supoñen ser capaz de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Supón a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima.

Contribución da materia á autonomía e iniciativa persoal:

- Utilizar as estratexias de aprendizaxe e os recursos didácticos (Internet, Dicionarios, Enciclopedias) co fin de buscar información e de resolver situacións de aprendizaxe de forma autónoma.
- Estar disposto a consultar dúbidas cos compañeiros, profesor, libros de consulta, ...
- Colaborar con compañeiros/as para negociar significados.
- Empregar a imaxinación para activar e aumentar coñecementos lingüísticos.

f) CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAS (CCEC)

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Isto é, favorece a tolerancia e o respecto polas outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos e o respecto ao interlocutor.

Contribución da materia á competencia cultural e artística:

- Acceder ao coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira, desenvolvendo respecto cara a ela e os seus falante, para lograr un mellor entendemento internacional.
- Apreciar o valor da lingua estranxeira como medio de comunicación con persoas que pertencen a culturas diferentes.
- Respetar as distintas normas que rexen as sociedades.
- Amosar tolerancia polas distintas personalidades e costumes, contrastando os costumes, a moda, os hábitos alimenticios.. dos países de fala inglesa cos nosos.
- Recoñecer as palabras inglesas habitualmente usadas na nosa lingua.

2.2 Relación dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia que forman parte dos perfís competenciales

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA: INGLÉS 1º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE			
	CCL	CD	CAA	CCEC
▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.				
▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.				
▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.				
▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.				
▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.				
▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.				
▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.				
▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.				
▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).				
▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.				
▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.				
▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.				
▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).				
▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.				
▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.				
▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.				
▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.				

<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. 				
PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 				
PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.				
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua. 				
PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).				
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 				

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA: INGLÉS 2º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE				
	CCL	CD	CAA	CSC	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervé na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos nunha excursión). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos 					

do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.					
<ul style="list-style-type: none"> PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 					

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA: INGLÉS 3º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE				
	CCL	CD	CAA	CSC	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. 					

<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, <i>chats</i>, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de 					

puntuación.					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 					

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA: INGLÉS 4º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE				
	CCL	CD	CAA	CSC	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e 					

respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. 					

PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 				

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA: INGLÉS 1ºBACHARELATO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE				
	CCL	CD	CAA	CSC	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que tratan temas coñecidos ou do seu interese. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiáns e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos 					

e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.				
▪ PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.				
▪ PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas con certa naturalidade pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e paralingüísticos.				
▪ PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.				
▪ PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente con certa seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.				
▪ PLEB.2.7. Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.				
▪ PLEB.2.8. Cooperar na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.				
▪ PLB3.1. Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, o uso do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.				
▪ PLEB3.2. Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua.				
▪ PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.				
▪ PLEB3.4. Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).				
▪ PLEB3.5. Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).				
▪ PLEB3.6. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).				
▪ PLEB3.7. Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando uns e outras están descritos claramente e co suficiente detalle.				
▪ PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.				
▪ PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo,				

un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.				
▪ PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)				
▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).				
▪ PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.				
▪ PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.				
▪ PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.				
▪ PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.				
▪ PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.				
▪ PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.				
▪ PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizarlas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.				
▪ PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.				
▪ PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.				
▪ PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.				
▪ PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.				
▪ PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.				
▪ PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).				

<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 					
--	--	--	--	--	--

PERFIL COMPETENCIAL DE ÁREA: INGLÉS 2 °BACHARELATO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE				
	CCL	CD	CAA	CSC	CCEC
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as 					

contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo). 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado. 				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e 				

opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hotels, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os compartan) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. 					
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 					

3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS POR CURSO.

1º ESO

1. Aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais e detalles relevantes de mensaxes orais e escritas.
2. Identificar e comprender a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos e mensaxes orais e escritos breves e ben estruturados sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia, do propio campo de interese ou relacionados con outras materias do currículo.
3. Recoñecer e empregar as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso oral ou escrito.
4. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.
5. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
6. Manter intercambios e realizar exposicións orais breves e sinxelos, claramente estruturados e nun rexistro neutro ou informal, sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese.
7. Cooperar na interacción e no traballo con outras persoas, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
8. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.
9. Producir, en calquera soporte, textos e mensaxes breves e sinxelos con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
10. Tomar notas, completar documentos e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
11. Aplicar á comprensión e produción de textos os coñecementos propios do seu nivel, tanto na propia lingua como na lingua estranxeira, sobre patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente.
12. Comprender e utilizar un repertorio léxico básico suficiente para o manexo de información e contidos sinxelos e habituais.
13. Coñecer e aplicar estratexias de coavaliación e autoavaliación, recoñecendo erros nas súas producións orais e escritas.
14. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte.
15. Coñecer e utilizar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, evitando estereotipos lingüísticos e culturais e amosando curiosidade e respecto ante as diferenzas.
16. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal.
17. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.
18. Usar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC, dicionarios e outras fontes de consulta.

2º ESO

1. Aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de mensaxes orais e escritas

2. Identificar e comprender a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais e escritos breves nun rexistro estándar, sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo.
3. Recoñecer algunhas tipoloxías textuais, captando as liñas xerais en mensaxes e textos orais e escritos sinxelos.
4. Recoñecer e empregar as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habitualmente para iniciar e terminar o discurso oral ou escrito.
5. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.
6. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves relativos a ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.
7. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.
8. Manter intercambios e realizar exposicións breves e sinxelos, claramente estruturados, e nun rexistro neutro ou informal, sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo.
9. Cooperar na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción, verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
10. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.
11. Producir, en calquera soporte, textos e mensaxes breves e sinxelos, nun rexistro neutro ou informal, con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
12. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos, de uso máis frecuente.
13. Aplicar á comprensión e produción de textos os coñecementos propios do seu nivel, tanto na propia lingua como na lingua estranxeira, sobre patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente.
14. Comprender e utilizar un léxico propio do nivel en situación comunicativas sinxelas reais ou simuladas.
15. Coñecer e aplicar estratexias de coavalición e autoavalición, recoñecendo erros nas súas producións orais e escritas.
16. Presentar os textos escritos de maneira coidada en calquera soporte.
17. Coñecer e utilizar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, evitando estereotipos lingüísticos e culturais e amosando curiosidade e respecto ante as diferenzas.
18. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal.
19. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.
20. Usar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC, dicionarios e outras fontes de consulta.

3º ESO

1. Aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais e detalles relevantes de mensaxes orais e escritas.
2. Identificar algunhas intencións e funcións comunicativas de textos e mensaxes orais e escritos sinxelos para poder reaccionar de xeito adecuado.

3. Recoñecer algunhas tipoloxías textuais e a estrutura dun texto, captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia en mensaxes e textos orais e escritos sinxelos.
4. Identificar e comprender a información xeral e específica de textos e mensaxes orais e escritos breves ou de lonxitude media (nun rexistro formal, neutro ou informal), claramente estruturados, sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.
5. Recoñecer e empregar as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habitualmente para iniciar e terminar o discurso oral ou escrito.
6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar, seguindo a liña argumental, o carácter básico dos personaxes e as súas relacións.
7. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos (nun rexistro formal, neutro ou informal) breves e de estrutura simple e clara.
8. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou se cometan erros de pronunciación, sempre que non interrompan a comunicación.
9. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados sobre temas habituais nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.
10. Cooperar na interacción e no traballo con outras persoas, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
11. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.
12. Producir, en calquera soporte, textos e mensaxes breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro formal, neutro ou informal, con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.
13. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos, de uso máis frecuente.
14. Aplicar á comprensión e produción de textos os coñecementos propios do seu nivel, tanto na propia lingua como na lingua estranxeira, sobre patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente.
15. Comprender e utilizar un repertorio léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, suficiente para o manexo de información e contidos sinxelos e habituais.
16. Coñecer e aplicar estratexias de coavalición e autoavalición, recoñecendo erros nas súas producións orais e escritas.
17. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte.
18. Coñecer e utilizar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, evitando estereotipos lingüísticos e culturais e amosando curiosidade e respecto ante as diferenzas.
19. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información, e como instrumento de enriquecemento persoal ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.
20. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.
21. Usar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC, dicionarios e outras fontes de consulta.

4º ESO

1. Aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais e os detalles relevantes de mensaxes e textos orais e escritos.
2. Identificar a intención e función comunicativa de textos e mensaxes orais e escritos medianamente sinxelos para poder reaccionar de xeito adecuado.
3. Recoñecer tipoloxías textuais variadas e a estrutura dun texto, captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia en mensaxes e textos orais e escritos medianamente sinxelos.
4. Comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes en textos e mensaxes orais ou escritos, breves ou de lonxitude media, e claramente estruturados, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais (temas persoais, educativos, ocupacionais ou temas de interese xeral).
5. Coñecer aspectos culturais xerais que permitan comprender información presente nun texto ou mensaxe oral ou escrito.
6. Ler con autonomía e bastante fluidez textos de ficción e non-ficción adaptados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.
7. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple, explotando os recursos dos que se dispón, por exemplo, recorrendo á definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas.
8. Pronunciar e entoar de maneira clara e comprensible, e manter a fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe, aínda que se poidan cometer erros que non interrompan a comunicación no caso de palabras e estruturas menos frecuentes.
9. Manter intercambios e realizar exposicións orais breves ou de lonxitude media, nun rexistro formal, neutro ou informal, sobre asuntos cotiáns, persoais, educativos, ocupacionais, ou temas de interese xeral.
10. Cooperar nos intercambios e no traballo con outras persoas, interactuando de maneira sinxela pero efectiva para comprender e facerse comprender.
11. Aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude.
12. Producir, en calquera soporte, textos e mensaxes breves ou de lonxitude media, coherentes e ben estruturados, con cohesión e corrección, e utilizando as estruturas e léxico propios do seu nivel.
13. Adecuar a produción oral ou escrita ao propósito comunicativo, seleccionando a información necesaria e pertinente, e axustando a expresión ao destinatario, ao tema tratado e ao soporte textual.
14. Aplicar á comprensión e produción de textos os coñecementos propios do seu nivel, tanto na propia lingua como na lingua estranxeira, sobre patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente.
15. Comprender e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.
16. Coñecer e aplicar estratexias de coavaliación e autoavaliación, recoñecendo erros nas súas producións orais e escritas.
17. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte.
18. Coñecer e utilizar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos comúns, evitando estereotipos lingüísticos e culturais e amosando curiosidade e respecto ante as diferenzas.
19. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal.

20. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.
21. Utilizar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC e outras fontes de consulta, analizando a súa credibilidade e calidade, para obter, manexar e producir información.

1º BACHARELATO

1. Aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais, detalles relevantes, intencións comunicativas e as opinións implícitas e explícitas de mensaxes orais e escritas.
2. Identificar e comprender a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as implicacións e intencións comunicativas en diferentes tipos de textos e mensaxes orais e escritos ben estruturados, con estruturas lingüísticas de certa complexidade sobre temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de interese ou especialización.
3. Recoñecer e empregar as fórmulas de contacto social, as normas de cortesía e as utilizadas para iniciar e terminar o discurso oral ou escrito así como a intención das persoas que as empregan, emitidos en lingua estándar e nun rexistro neutro, formal e informal.
4. Coñecer aspectos culturais xerais que permitan comprender información presente nun texto ou mensaxe oral ou escrito.
5. Ler con fluidez textos de ficción, non ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e comprender correspondencia persoal breve en calquera soporte, relacionados cos propios intereses e necesidades en distintos ámbitos.
6. Planificar e realizar presentacións orais de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos.
7. Interactuar con flexibilidade e colaboración co interlocutor para procurar garantir o mantemento da comunicación.
8. Recoñecer e facer un uso consciente dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, os seus significados e intencións comunicativas, e amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe.
9. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para escribir, en calquera soporte, diferentes tipos de texto e correspondencia ben estruturados, coherentes e dunha certa lonxitude; redactando en palabras propias, xustificando opinións, sintetizando información... e usando elementos que dean coherencia e cohesión ao texto.
10. Adecuar a produción do texto oral e escrito ás funcións comunicativas requiridas estruturando, reformulando, coavaliando, autocorrixindo e organizando a información cos recursos máis axeitados ao propósito comunicativo, construíndo textos coherentes en diferentes rexistros e contextos.
11. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e cohesión de xeito que as producións orais e escritas realicen axeitadamente as funcións comunicativas correspondentes.
12. Comprender e utilizar eficazmente un repertorio léxico, fonético, estrutural e funcional propio do seu nivel para empregarlos en contextos reais ou simulados de comunicación.
13. Cooperar na interacción e no traballo con outras persoas, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.
14. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte.
15. Coñecer e respectar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos salientables e as súas diferenzas ca cultura propia para utilizalos en consecuencia adaptando adecuadamente os textos orais ou escritos á situación comunicativa.

16. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal.
17. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.
18. Utilizar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC e outras fontes de consulta, analizando a súa credibilidade e calidade, para obter, manexar e producir información.

2º BACHARELATO

1. Aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais, detalles relevantes, intencións comunicativas, as opinións implícitas e explícitas e matices como a ironía ou o humor de mensaxes orais e escritas.
2. Identificar e comprender a estrutura e os tipos textuais, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as implicacións e intencións comunicativas en diferentes tipos de textos e mensaxes orais e escritos ben estruturados, de certa lonxitude con estruturas lingüísticas complexas sobre temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de interese ou especialización aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.
3. Ler con fluidez textos de ficción, non ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e comprender correspondencia en calquera rexistro ou soporte, relacionados cos propios intereses e necesidades en distintos ámbitos.
4. Planificar e realizar presentacións orais de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos.
5. Interactuar con flexibilidade e colaboración co interlocutor para procurar garantir o mantemento da comunicación.
6. Recoñecer e facer un uso consciente dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, os seus significados e intencións comunicativas, e amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe seleccionándoos segundo a función comunicativa.
7. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para producir tanto oralmente como por escrito, diferentes tipos de texto e correspondencia ben estruturados, coherentes, planificados segundo a función comunicativa e dunha certa lonxitude; e usando elementos que dean coherencia e cohesión ao texto.
8. Elaborar resumos con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.
9. Reformular con corrección morfosintáctica e variedade léxica ideas dun texto ou oracións mantendo o seu significado orixinal.
10. Adecuar a produción do texto oral e escrito ás funcións comunicativas requiridas estruturando, reformulando, coavaliando, autocorrixindo e organizando a información cos recursos máis axeitados ao propósito comunicativo, construíndo textos coherentes en diferentes rexistros e contextos.
11. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos, ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e os elementos de conexión e cohesión de xeito que as producións orais e escritas realicen axeitadamente as funcións comunicativas correspondentes.
12. Comprender e utilizar eficazmente un repertorio léxico, oral e escrito, fonético, estrutural e funcional propio do seu nivel de uso habitual ou máis especializado para empregalos en contextos reais ou simulados de comunicación.
13. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.
14. Coñecer e respectar os aspectos socioculturais, sociolingüísticos crenzas e valores salientables da lingua meta para producir e comprender textos orais ou escritos e axudar a resolver conflitos e malentendidos interculturais.

4. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIÁBEIS EN RELACIÓN COS OBXECTIVOS E AS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN DO GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, DA TEMPORALIZACIÓN E DOS INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

4.1 Temporalización

A secuenciación e temporalización dos contidos non se pode facer por bloques diferenciados, pois as destrezas lingüísticas e o coñecemento da lingua están relacionadas entre si e integradas unhas noutras. Polo tanto tomarase como elemento aglutinador un tópico, ben sobre aspectos socioculturais ou ben sobre intereses dos alumnos. Este tema ou tópico proporciona un contexto para secuenciar os contidos referentes aos coñecementos lingüísticos e aos aspectos socioculturais do bloque 5. Os outros 4 bloques, referentes ás 4 destrezas comunicativas, están presentes en todas e cada unha das unidades didácticas en relación ao citado *topic*, e traballaranse de forma gradual e progresiva.

Dado que o libro de texto a seguir está adaptado aos currículos en vixencia, e aprobado por tanto polas autoridades educativas, a secuenciación de contidos realizarase, por motivos prácticos e para facilitar o estudo persoal dos alumnos, seguindo a súa estruturación en unidades didácticas. Isto non significa que se realizarán as actividades do libro de texto necesaria nin exclusivamente, pois utilizaranse principalmente outros recursos: internet, outros textos, vídeo, música... Os contidos sobre coñecemento da lingua do bloque 5 seguirán a temporalización do libro de texto, e as tarefas correspondentes a os outros bloques poden ser as do libro ou outras.

Cada libro de texto consta de 9 unidades didácticas, e traballaranse 3 por trimestre.

En 2º de Bacharelato o libro de texto consta de 6 unidades e traballaranse 2 por trimestre.

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización
Bloque 1. Comprensión de textos orais							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none"> – Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. – Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema. – Identificación de palabras chave. – Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica). – Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece. ▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa. ▪ B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ▪ B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto. ▪ B1.3. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro estándar formal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais escolares e da familia ou do propio campo de interese, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende a maioría das frases e expresións habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación directa na aula 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	1º trimestre: 39 horas de clase en cada grupo. Total bloque 1: 10 horas
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Capta case todos os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Observación directa na aula 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NON. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas de comprensión oral 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	3º trimestre: 36 horas de clase en cada grupo. Total bloque 1:
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica o sentido xeral e algúns dos puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Probas de comprensión oral 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 	

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comprender os puntos esenciais e os detalles máis salientables en conversas sinxelas, reais ou simuladas, que se refiran a necesidades prácticas ou materiais, gustos ou sensacións físicas moi básicas, expresadas pausadamente e con boa articulación, e que se poidan escoitar de novo ou solicitar que se repita ou se reformule o dito. ▪ B1.5. Recoñecer as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis sinxelas e comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habituais para iniciar e terminar o discurso. ▪ B1.6. Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, articulados pausadamente e con claridade, e con apoio de imaxes moi redundantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. ▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NON ▪ Identifica parte da información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións sobre asuntos cotiáns ou do seu interese. 	Probas de comprensión oral Probas de interacción oral Observación directa na aula	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	9 horas
Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación. – Identificación do contexto, do destinatario e da finalidade da produción ou da interacción. – Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa – Percepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que os interlocutores teñan que solicitar repeticións de cando en vez. ▪ B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou xestos simples para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se dependa en grande medida da actuación do interlocutor. ▪ B2.3. Utilizar as estratexias máis adecuadas para producir textos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. ▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ En xeral amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas actividades de aula. ▪ Fai presentacións moi breves e ensaiadas con poucos erros, con apoio visual de distintos soportes multimedia e responde 	Observación directa na aula Exposicións orais	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	1º trimestre: 39 horas de clase en cada grupo. Total bloque 2: 6 horas

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> - Execución. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados. - Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto traballados na clase previamente. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Lingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Modificación de palabras de significado parecido. - Definición ou paráfrase dun termo ou unha expresión. - Paralingüísticos: <ul style="list-style-type: none"> - Petición de axuda ou clarificación. - Sinalización de obxectos, uso deícticos ou realización de accións que aclaren o significado. - Uso da linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal). - Uso de elementos cuasiléxicos 	<ul style="list-style-type: none"> monolóxicos que aborden descrições, narracións e explicacións breves e sinxelas sobre acontecementos, experiencias, condicións de vida e coñecementos diversos, con certa fluidez e pronuncia intelixible, utilizando conectores textuais, e con dominio do vocabulario elemental para lograr a finalidade da comunicación. ▪ B2.4. Producir textos breves e comprensibles, en conversas cara a cara, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela, nos que se dá, se solicita e intercambia información básica sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo propios da súa idade e do seu nivel escolar, e se xustifican brevemente e de xeito básico os motivos de determinadas accións e plans sinxelos, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e o interlocutor teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito, e mesmo solicite axuda ao interlocutor para expresar adecuadamente o seu texto. ▪ B2.5. Empregar para comunicarse mecanismos sinxelos o suficientemente axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deixes persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores conversacionais básicos máis frecuentes). ▪ B2.6. Manexar con certa fluidez frases curtas, grupos de palabras e fórmulas 	<ul style="list-style-type: none"> con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes. 	<ul style="list-style-type: none"> con algunha dificultade a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes. 				2º trimestre: 30 horas de clase en cada grupo. Total bloque 2: 6 horas
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesia básicas (saúdo e tratamento). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NON 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de expresión e interacción oral Role plays 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	3º trimestre: 36 horas de clase en cada grupo. Total bloque 2: 6 horas	
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ NON 	<ul style="list-style-type: none"> Role plays Probas de interacción oral 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 		
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible aínda que con algúns erros, empregando as convencións propias do proceso comunicativo. 	<ul style="list-style-type: none"> Probas de interacción oral: diálogos, role plays... Observación directa na aula 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC 		

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización
	<p>(hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Uso dos elementos prosódicos sinxelos (pausas, ritmo e entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou oínte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas. <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender. ▪ B2.3. Rutinas ou modelos elementais de interacción segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas. 	<p>básicas para desenvolverse de xeito suficiente en breves intercambios en situacións habituais e cotiás, aínda que se interrompa o discurso para procurar expresións e articular palabras menos frecuentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Utilizar estratexias de cooperación na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Colabora coas demais persoas na interacción, sen conseguir sempre verificar a comprensión propia e a das demais persoas e manifesta interese e respecto polas achegas da maioría dos seus compañeiros e das súas compañeiras. 	<p>Probas de interacción oral: diálogos, role plays...</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	
Bloque 3: Comprensión de textos escritos							
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none"> – Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc. – Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). – Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Utilizar as estratexias máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto. ▪ B3.2. Comprender instrucións básicas e avisos, obrigas e prohibicións (por exemplo, indicacións para chegar a un 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende, case sen problema, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, e segue case todas as instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade. ▪ Entende a maioría da información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia sobre temas relativos a materias 	<p>Observación directa na aula</p> <p>xogos</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	<p>1º trimestre: 39 horas de clase en cada grupo.</p> <p>Total bloque 3: 10 horas</p>
					<p>Probas de comprensión escrita.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> ▪ (sentido xeral, información esencial e puntos principais). – Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. – Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais. – Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. ▪ B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto. 		<p>lugar, frecuencia da dose dun medicamento, manexo elemental de aparellos coñecidos, etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Identificar e interpretar palabras e enunciados clave sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. ▪ B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves, sinxelos e ben estruturados, escritos nun rexistro informal ou estándar, que traten de asuntos cotiáns, de temas coñecidos e previsibles de interese ou relevantes para os propios estudos, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico básico de uso común e habitual. ▪ B3.5. Identificar información persoal básica (descrición física, data e lugar de nacemento, idade e sexo, estado civil, orixe e nacionalidade, profesión, gustos, etc.) e no ámbito público, presentada ou solicitada en cartas, formularios, fichas, cuestionarios, anuncios, etc. ▪ B3.6. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar. 	<p>estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida ler as seccións difíciles.</p>	<p>educativas ou do seu interese, tendo que ler as seccións difíciles.</p>	<p>Rubrica de avaliación do produto final dun proxecto de investigación</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende a maioría dos puntos principais de anuncios e material publicitario relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. 	<p>Probas de comprensión escrita</p> <p>Observación directa na aula</p>		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Atopa moita da información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. 	<p>Probas de comprensión escrita</p> <p>Tarefa final</p>		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Entende case toda a información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. 	<p>Probas de comprensión escrita</p> <p>Tarefa final</p>		
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende a meirande parte de textos adaptados de historias de ficción. 	<p>Probas de Comprensión Escrita</p> <p>Resumen</p> <p>Proxecto creativo sobe o texto</p>		

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO										
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ j 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Estratexias de produción: <ul style="list-style-type: none"> – Planificación. – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.). – Uso de elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos. – Execución. <ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo. – Estructuración do contido do texto. – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. – Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. – Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. – Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple (por exemplo, copiando formatos, fórmulas e modelos convencionais propios de cada tipo de texto, identificando as ideas pertinentes e necesarias, pondo una idea principal en cada parágrafo, etc.). ▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal, nun rexistro estándar ou informal, utilizando adecuadamente os recursos máis básicos de cohesión e de coherencia, e as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas básicas e sinxelas, e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar. Tomar notas e escribir mensaxes moi breves e sinxelas a partir dunha información moi sinxela e predicible. ▪ B4.3. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal. ▪ B4.4. Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade. ▪ B4.5. Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela, sobre temas da vida cotiá, empregando palabras e expresións moi básicas de uso habitual, de encabezamento e despedida, e frases e oracións simples illadas e enlazadas con 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe notas e mensaxes nas que dá e solicita breve información sobre actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese con algún erro ou deficiencias. 	Probas de interacción escrita Redacción de e-mails ou cartas	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	1º trimestre: 39 horas de clase en cada grupo. Total bloque 4: 10 horas			
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elabora textos moi breves nos que expón actividades ou tarefas moi habituais, e textos que expresen sentimentos básicos, mais con algún erro de contido ou ortografía. 	Redaccións Probas de expresión escrita			<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC 	2º trimestre: 30 horas de clase en cada grupo. Total bloque 4: 6 horas	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Completa con algún erro un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións. 	Cuestionario persoal					<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe notas, anuncios e mensaxes breves relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, respectando as convencións e as normas de cortesia, mais cometendo algún erro na forma ou no contido. 	Probas de expresión escrita Rúbrica					

Primeira Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación	Competencias clave	Temporalización
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estada no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade, desenvolvendo un argumento e achegando conclusións xustificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade, desenvolvendo un argumento e achegando conclusións xustificadas en certas ocasións. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade, desenvolvendo un argumento e achegando conclusións xustificadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Non escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade, desenvolvendo un argumento e achegando conclusións xustificadas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe un tema, dando unha idea xeral e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe un tema, dando algunha idea xeral e ofrecendo en ocasións unha opinión persoal argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre describe un tema, dando unha idea xeral nin ofrecendo unha opinión persoal argumentada. 	<ul style="list-style-type: none"> Non describe un tema, dando unha idea xeral nin ofrecendo unha opinión persoal argumentada.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). 	<ul style="list-style-type: none"> Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces non é quen de completar un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> Non é quen de completar un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe, en calquera soporte ou formato, un 	<ul style="list-style-type: none"> As veces é quen de escribir, en calquera 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre escribe, en calquera soporte ou 	<ul style="list-style-type: none"> Non escribe, en calquera soporte ou formato, un

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
2º de Bacharelato	Conségueo	Non o consegue totalmente	Conségueo con dificultade	Non o consegue
cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).	currículo detallado, xunto cunha carta de motivación.	soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación.	formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación.	currículo detallado, xunto cunha carta de motivación.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma notas durante unha conferencia, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma algunhas notas durante unha conferencia, e as veces elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Toma algunhas notas durante unha conferencia, pero non sempre elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas. 	<ul style="list-style-type: none"> Non toma notas durante unha conferencia, nin elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe algunhas notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información. 	<ul style="list-style-type: none"> Non escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces é quen de escribir correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs en raras ocasións. 	<ul style="list-style-type: none"> Non escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, nin se comunica con seguridade en foros e blogs.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> Escribe cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, respectando as convencións formais propias deste tipo de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> En raras ocasións é quen de escribir cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, respectando as convencións formais propias deste tipo de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre é quen de escribir cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, respectando as veces as convencións formais propias deste tipo de textos. 	<ul style="list-style-type: none"> Non escribe cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, nin respecta as convencións formais propias deste tipo de textos.
Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural				
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> En raras ocasións comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> Non comprende nin faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre se relaciona oralmente e por escrito, e raras veces comunica con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos. 	<ul style="list-style-type: none"> Non se relaciona oralmente e por escrito nin comunica con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos.

Primeira Lingua Estranxeira II. 2º de bacharelato				
2º de Bacharelato	Conségueo	Non o consegue totalmente	Conségueo con dificultade	Non o consegue
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. 	<ul style="list-style-type: none"> Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. 	<ul style="list-style-type: none"> En certas ocasións intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. 	<ul style="list-style-type: none"> Non intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, nin con eficacia intercultural.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. 	<ul style="list-style-type: none"> Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, sempre que poida pedir confirmación. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, sempre que poida pedir confirmación. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, aínda que poida pedir confirmación. 	<ul style="list-style-type: none"> Non entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, aínda que poida pedir confirmación.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan. 	<ul style="list-style-type: none"> Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> En ocasións se desenvolve con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre se desenvolve con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> Non se desenvolve con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. 	<ul style="list-style-type: none"> Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. 	<ul style="list-style-type: none"> En ocasións é quen de expresarse oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre se expresa oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, nin recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. 	<ul style="list-style-type: none"> Non se expresa oralmente nin por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, nin recoñece un léxico máis especializado aínda contando con apoio visual ou contextual.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os compartan) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista . 	<ul style="list-style-type: none"> As veces comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista . 	<ul style="list-style-type: none"> En raras ocasións comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo algúns dos matices de sentido e de opinión ante puntos de vista . 	<ul style="list-style-type: none"> Non comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, nin entende os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista .
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. 	<ul style="list-style-type: none"> Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente. 	<ul style="list-style-type: none"> En ocasións é quen de explicar valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente. 	<ul style="list-style-type: none"> Non sempre é quen de explicar valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente. 	<ul style="list-style-type: none"> Non é quen de explicar valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente.
<ul style="list-style-type: none"> PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> As veces participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> Raras veces participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas. 	<ul style="list-style-type: none"> Non participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilizan varias linguas.

4.3 Procedementos e instrumentos de avaliación

Procedementos:

Ao principio de cada curso realizarase unha **avaliación inicial** ou diagnóstica para coñecer o nivel real de cada alumno nas distintas destrezas.

Antes de comezar cada unidade didáctica ou cada proxecto avaliaranse os **coñecementos previos** do alumnado, tanto para establecer un punto de partida para adquirir novos coñecementos como para crear a necesidade de chegar a eles. Isto levarase a cabo con tormenta de ideas ou preguntando aos alumnos durante a clase.

Durante o traballo na aula observarase a **actitude** dos alumnos cara a materia. Máis adiante detállanse os aspectos que se valorarán.

Cada trimestre farase unha **proba escrita** e de comprensión oral como mínimo, con preguntas sobre as estruturas gramaticais e o vocabulario traballados, **exercicios de comprensión oral e escrita** (*reading e listening*) e un **exercicio de expresión escrita** (*writing*).

Así mesmo farase unha **proba de expresión oral** (*speaking*) como mínimo cada trimestre. As actividades de expresión oral e as súas correspondentes probas poden ser monólogos, diálogos, role plays, entrevistas, presentacións, tarefa final dun proxecto... Procurarase un equilibrio entre os monólogos e as interaccións. A expresión oral traballarase nas clases de desdobre e sempre que sexa posible as probas serán avaliadas polos dous profesores, que tamén serán obxecto de coavaliación por parte dos compañeiros.

Poderanse realizar **proxectos ou tarefas integradas**, que globalizan contidos e destrezas e adoitan levar máis tempo que as unidades didácticas convencionais. Serán tamén obxecto de avaliación, e o seu valor porcentual dependerá da carga de traballo que se lle adique, tanto lectiva como de traballo dos alumnos. Nestes casos tamén haberá autoavaliación e coavaliación para obter un feedback máis completo.

Serán tamén obxecto de avaliación todas aquelas **tarefas**, actividades, redaccións, ensaios, gravacións de audio ou vídeo, pequenas investigacións, etc. que o profesor propón con carácter obrigatorio para realizar fóra da aula (os "deberes") ou dentro dela. Consideramos que conforman o **portfolio** de traballo do alumno.

Todos os alumnos deberán amosar interese pola materia de inglés durante todo o curso, sendo motivo de avaliación negativa os seguintes casos:

- se se considera que o alumno abandona a materia, é dicir, deixa de colaborar na clase, de realizar as tarefas encomendadas polo profesor, de traballar unha destreza, de realizar os exames cun mínimo de competencia (non pode deixar nunca o exame "en branco") e/ou amosa unha actitude e comportamento negativo.
- se non se presenta aos exames sen unha xustificación adecuada, xa sexan os exames ordinarios realizados durante o curso como os extraordinarios de setembro e os exames para os alumnos coa materia pendente.
- se copia durante os exames. Neste caso deberá realizar unha proba final en xuño para poder optar a unha cualificación positiva.

O resultado da avaliación de lingua inglesa reflectirá o proceso da **avaliación continua** levado a cabo durante todo o trimestre ou curso, e segundo os criterios expostos nesta programación. Que a avaliación sexa continua implica que non haberá probas específicas de recuperación nin unha proba de avaliación extraordinaria en xuño, posto que en cada avaliación teranse en conta os contidos vistos ata ese momento. A avaliación continua tamén implica que todo o que o profesor propón como actividade dentro e fora da aula será obxecto de avaliación, non limitándose esta a un exame tradicional.

A nota final incluírá polo tanto un compoñente de progreso, factor especialmente motivador. Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta sentirase máis motivado. Isto faise aínda máis patente nas clases moi heteroxéneas.

Dado que a nota de cada avaliación é un número enteiro, o **redondeo** dos decimais realizarase do seguinte xeito:

- o aprobado estará en **5**
- as cualificacións con decimais iguais ou superiores a 5 redondearanse ao enteiro superior, sempre e cando se cumplan os seguintes factores, rexistrados polo profesor na súa observación diaria:
 - a asistencia puntual a clase
 - a puntualidade na entrega, así como cuidada presentación, dos traballos obrigatorios
 - a actitude positiva cara a materia
 - a colaboración co grupo-clase e a participación nas actividades propostas
 - o esforzo demostrado

CUALIFICACIÓN FINAL EN XUÑO:

Obterase aplicando as seguintes porcentaxes a cada avaliación:

1ª avaliación: 25% 2ª avaliación: 25% 3ª avaliación: 50%

Considerase que o alumno que acade un 5 na 3ª avaliación superará a materia.

A cualificación final de curso obterase por aproximación. Se un alumno non se esforza e non se responsabiliza da súa aprendizaxe o redondeo será por truncamento (elimínanse os decimais que están á dereita da unidade).

UTILIZACIÓN DE MÉTODOS ILEGAIS:

- ▶ Advírtese ó alumnado que se o profesor/ora descobre a alguén cometendo fraude na realización dalgunha proba, utilizando calquera método ilegal (chuletas, uso do móbil e/ou outros aparellos electrónicos, etc.), non poderá continuar, anularáse a súa proba automaticamente, e a nota será **0**. Este feito será notificado por escrito á xefatura de estudos, e o mesmo sucederá con aquel alumno/a que deixe copiar a outro/a compañeiro/a.
- ▶ Se se dera o caso de sospeitas fundadas de fraude, baseadas na diverxencia entre o resultado acadado nunha proba e os acadados habitualmente polo alumn@ (s) en cuestión, poderase proceder á realización dunha segunda proba individual para confirmar ou descartar o fraude.
- ▶ Cando o profesor/ora constate a existencia de calquer tipo de fraude conxunto nun grupo, e non se poida identificar ós causantes do mesmo e o o grao de implicación do resto do grupo, anularase esa proba e realizarase unha nova. Porén, se os alumnos implicados son identificados, serán sancionados nesa avaliación e, se se considera que a acción é grave, poderase solicitar á dirección do centro a apertura dun expediente disciplinario.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:

Coa lexislación vixente está previsto un exame extraordinario de setembro para o alumnado que non acade cualificación positiva na convocatoria de xuño. Na data de setembro que acorde o centro realizarase un exame escrito, sendo necesario obter unha nota mínima de **5** para superar a avaliación. A nota resultante da avaliación extraordinaria de setembro dependerá, non só da superación do exame, senón tamén das posibles tarefas encomendadas ao alumno para ser realizadas durante o período estival e que deberá presentar na data acordada co seu profesor, de ser o caso.

A proba da convocatoria de setembro será similar ás que realizou o alumno durante o curso: constará dun exercicio de lectura e comprensión para extraer información xeral e específica, unha redacción curta e varios exercicios e actividades que recollan a gramática, funcións e vocabulario establecidos no currículo e que impliquen a utilización das destrezas e estratexias desenvolvidas durante o curso. Opcionalmente, e a criterio do profesor, poderá haber unha proba de escoita e/ou un diálogo para completar dos traballados durante o curso nas actividades de expresión oral.

Os contidos mínimos revisaranse no último trimestre no caso de que a materia prevista non poida ser impartida na súa totalidade. Todos os alumnos do mesmo nivel realizarán o mesmo exame, independentemente do profesor que lles impartira clase.

Instrumentos:

	TÉCNICA	INSTRUMENTO	INDICADORES
Gramática vocabulario	Proba escrita	Proba obxectiva de: Completamento Selección múltiple Resposta alternativa	A resposta é correcta
Listening	Proba de comprensión oral Entrevista	Correspondencia Ordenamento	RESUMEN: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Inclúe o tema ▪ Figuran as ideas principais ▪ Non inclúe exemplos nin detalles ▪ No copia do texto orixinal ▪ É breve
Reading	Proba de comprensión escrita	Resposta... Resumen	
Writing	Redaccións Ensaos Proxectos E-mails...	Rúbrica Táboa de valoración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización e estrutura ▪ uso de estruturas gramaticais correctas, axeitadas e variadas ▪ léxico axeitado, variado e suficiente ▪ elementos de cohesión e coherencia ▪ creatividade ▪ contido pertinente e pensamento crítico ▪ boa presentación, entrega no prazo indicado
Speaking	Monólogo Diálogo Role play Representación Presentación audiovisual Lectura en voz alta Gravación de audio ou vídeo	Rúbrica Táboa de valoración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización e estrutura ▪ uso de estruturas gramaticais correctas, axeitadas e variadas ▪ léxico axeitado, variado e suficiente ▪ elementos de cohesión e coherencia ▪ creatividade ▪ contido pertinente ▪ pronunciación, fluidez e entoación ▪ presenza: tono de voz, contacto visual, relación coa audiencia... ▪ colaboración co interlocutor, na interacción ▪ elementos visuais e atrezzo (<i>props</i>) ▪ Uso das novas tecnoloxías, calidade das diapositivas...

Proxectos ou tarefas individuais	Proxecto Tarefa integrada Traballo de investigación Presentación....	Rúbrica Táboa de valoración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización e estrutura ▪ uso de estruturas gramaticais correctas, axeitadas e variadas ▪ léxico axeitado, variado e suficiente ▪ elementos de cohesión e coherencia ▪ creatividade ▪ contido e pensamento critico ▪ boa presentación, entrega no prazo indicado ▪ uso das novas tecnoloxías ▪ Valorarase positivamente calquera tipo de traballo voluntario e creativo relacionado coa lingua inglesa.
Proxectos ou tarefas colaborativos	Proxecto Tarefa integrada Trabalo de investigación Representación Presentacións...	Rúbrica Táboa de valoración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ capacidade de traballar en equipo. ▪ Organización e estrutura ▪ uso de estruturas gramaticais correctas, axeitadas e variadas ▪ léxico axeitado, variado e suficiente ▪ elementos de cohesión e coherencia ▪ creatividade ▪ contido e pensamento critico ▪ boa presentación, entrega no prazo indicado ▪ uso das novas tecnoloxías
Actitude cara a aprendizaxe	Observación na aula	Rúbrica Táboa de valoración	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A actitude cara á aprendizaxe: interese pola materia, comportamento, respecto ás normas do centro e da clase... ▪ A disposición para comunicarse en inglés ▪ A participación activa na clase ▪ O esforzo no traballo de aula ▪ A presentación ordenada do material de traballo ▪ A realización das tarefas para a casa.

5. METODOLOXÍA

Tal como se establece no enfoque metodolóxico adoptado polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), a metodoloxía estará baseada na acción, na actividade social, no uso da lingua. Neste enfoque, os contidos introdúzanse en función das necesidades do proceso da aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación.

O enfoque comunicativo, segundo Nunan, “está en harmonía” coa concepción construtivista do coñecemento. Polo tanto, o **construtivismo** pedagóxico, en combinación co **enfoque comunicativo**, sería o modelo adecuado de seguir no ensino da lingua estranxeira.

Hai cinco principios que son fundamentais para o construtivismo, compatibles co enfoque comunicativo e adecuados para o ensino da lingua estranxeira (Alonso et al, 1994):

1. Para promover o desenvolvemento e necesario partir do progreso actual do educando.
2. É necesario construír aprendizaxes significativos.
3. Cando se aprende dunha forma significativa, modifícanse os esquemas de coñecementos previos.
4. Para que haxa unha aprendizaxe significativa é necesario un educando activo.

5. O obxectivo da educación é que os aprendices sexan capaces de aprender a aprender.

En coherencia con este enfoque utilizarase a **metodoloxía de proxectos** ou **o traballo por tarefas**, cando sexa posible. Debe terse en conta que gran parte do alumnado non está habituado a esta forma de traballar e de aprender, polo que nun principio o proceso de ensino-aprendizaxe adoita ralentizarse. A metodoloxía por proxectos ou por tarefas implica o uso das destrezas do século XXI: traballo colaborativo, creatividade e pensamento crítico; fomenta a autonomía do alumnado e desenvolve as destrezas para usar e procesar a información.

Por outra banda, o *bloque 5: coñecemento da lingua e consciencia intercultural*, incorpora unha referencia expresa ao **plurilingüístico** e á **interculturalidade**. Estes dous conceptos fan referencia, por un lado, ao feito de que a competencia en cada lingua interactúa e se enriquece co coñecemento das outras linguas, e contribúe a desenvolver destrezas e capacidades que son a base da competencia en comunicación lingüística e, por outro, ás actitudes interculturais de respecto a diferentes xeitos de expresarse e actuar. Segundo isto, fomentárase, por un lado, a reflexión sobre a lingua e a comparación entre linguas, favorecendo a transferencia dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos noutras linguas para abordar a aprendizaxe do inglés e viceversa. Por outro lado, dado que cada lingua expresa e representa unha cultura, buscaranse similitudes e diferencias entre a cultura propia e a estranxeira. Este diálogo cultural reforza a identidade propia, favorece a aceptación da diversidade e o respecto polos demais e os seus dereitos.

Como consecuencia, a aprendizaxe das distintas linguas debe tratarse de xeito integrado, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa. Para levar a cabo isto, os departamentos das distintas linguas elaboraron un plan de acción co obxectivo de que as programacións das distintas linguas teñan un **currículo integrado**. Isto conleva unha carga de traballo e tempo así como moita coordinación entre os departamentos de linguas, polo que é un plan de acción que temos aínda en proceso.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

a) Materiais curriculares

Curso e etapa	Autor	Título	Editorial
1º ESO	Mauchline, Fiona Morris, Daniel	All Clear 1 Students Book	Macmillan E.L.T.
1º ESO	Mauchline, Fiona Smith, Catherine	All Clear 1 Workbook	Macmillan E.L.T.
2º ESO	Mauchline, Fiona Morris, Daniel	All Clear 2 Students Book	Macmillan E.L.T.
2º ESO	Mauchline, Fiona Smith, Catherine	All Clear 2 Workbook	Macmillan E.L.T.
3º ESO	Caroline McDonald Emily Devlin	New Burlington Action! 3 Student's Book	Burlington Books
3º ESO	Caroline McDonald Emily Devlin	New Burlington Action! 3 Workbook + Language Builder	Burlington Books
4º ESO	Caroline McDonald Emily Devlin	New Burlington Action! 4 Student's Book	Burlington Books
4º ESO	Caroline McDonald Emily Devlin	New Burlington Action! 4 Workbook + Language Builder	Burlington Books
1º BAC	Margaret Baines Steven Rodwell	Trends for Bachillerato 1 Student's Book	Burlington Books
1º BAC	Margaret Baines Steven Rodwell	Trends for Bachillerato 1 Workbook + Vocabulary Builder	Burlington Books
2º BAC	Margaret Baines Steven Rodwell	Trends for Bachillerato 2 Student's Book	Burlington Books
2º BAC	Margaret Baines Steven Rodwell	Trends for Bachillerato 2 Workbook + Vocabulary Builder	Burlington Books
ESA	Lauren Rose	New Burlington English for Adults 1 Student's Book	Burlington Books
ESA	Lauren Rose	New Burlington English for Adults 1 Workbook	Burlington Books

b) Outros recursos didácticos

O centro dispón de pizarra dixital e un ordenador en todas as aulas. As aulas de 1º e 2º de ESO son aulas ABALAR, polo que ademais contan cun ordenador para cada alumno. En 3º e 4º de ESO solicítase dispoñer da aula de informática unha hora cada semana. Todo este equipamento informático permítenos o acceso a moitos outros recursos:

- aparte do libro en papel, todas as aulas contan co libro de texto en versión dixital, que inclúe vídeos, audios, presentacións de gramática, xogos...
- utilizarase material audiovisual e textos da rede, non só (ou non necesariamente) o libro de texto, ben de páxinas web de divulgación, ben de páxinas de recursos para a aula de inglés, como por exemplo:

<http://onestopenglish.org>

<http://linghuahouse.com>

<http://moviesegmentstoassessgrammarggoals.blogspot.com.es/>

<http://film-english.com>

<https://www.youtube.com/user/realenglish1/videos>

- utilizarase tamén material elaborado polos profesores: fichas de traballo, teoría gramatical, guías de writing, presentacións PowerPoint, Drive, Genially...
- o alumnado visitará páxinas web interactivas para practicar gramática ou as destrezas, e desenvolver a súa autonomía, como por exemplo:
 - http://www.englishpage.com/
 - http://agendaweb.org
 - http://learnenglish.britishcouncil.org/
 - http://bbc.co.uk
 - http://esl.lab.com
 - http://manythings.org
- o departamento de inglés conta con outro **material multimedia**: métodos DVD adaptados para cada nivel, películas, CDs con actividades de *listening*, CD ROMs ...
- dicionarios bilingües e monolingües, así como dicionarios online: <http://www.wordreference.com>, <http://www.linguee.es>
- o profesorado tamén utilizará todo tipo de **realia**, é dicir, de obxectos reais tales como billetes de tren o autobús, cartas de restaurantes, moedas de curso legal, folletos turísticos, etc. como axuda para dar máis realismo ás situacións comunicativas recreadas na aula.
- o seminario conta con **xogos** que serven para practicar distintos contidos e **flashcards** para a presentación e revisión de vocabulario.
- **Readers** (libros de lectura) de todos os niveis dos que todos os alumnos poden facer uso a través do servizo de préstamo da **biblioteca**. O alumnado le voluntariamente e pode facer traballos creativos sobre a súa lectura.
- blog do departamento de inglés, con creacións dos propios alumnos e con materiais para as clases.

c) Auxiliar de conversa

O departamento de inglés conta dende hai xa varios anos cun auxiliar de conversa, o mellor recurso para practicar as destrezas orais e entrar en contacto, de primeira man, coa cultura anglosaxona. No presente curso académico a auxiliar asignada é Greer Silverman, de Los Angeles (EEUU), que xa estivo con nós nos cursos 17/18 e 18/19, pero que neste curso compartiremos co CEIP Nº 1 de Melide. Acudirá unha hora semanal en semanas alternas a algúns grupos ordinarios (non a todos por falta de horario), ós grupos bilingües na clase de inglés e á sección bilingüe de tecnoloxía.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación será continua, sistemática e formativa, e levarase a cabo tendo en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo, é dicir, os obxectivos, as competencias clave, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe. Consideraranse os hábitos, destrezas e aptitudes do alumno no seu proceso de comprensión, expresión e creación, o mesmo que a súa participación activa na clase.

A **avaliación** será **formativa**, flexible e funcional en canto que será un instrumento para a mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe. O profesor levará a cabo unha recollida constante de datos que lle permitirá coñecer o progreso do alumno e as súas carencias para, deste xeito, avaliar tamén a súa propia actuación e a programación de aula, levando a cabo todos os cambios necesarios que aseguren resultados positivos.

No proceso da **avaliación continua**, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, o profesor/a poderá revisar e modificar as estratexias de actuación na aula, programar medidas concretas de **reforzo** para aqueles alumnos que presenten dificultades e, de ser necesario, determinar accións titoriais que sirvan para colaborar coas súas familias.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN de ESO e 1º de Bacharelato			
EXAME	SPEAKING PROXECTOS	PORTFOLIO	TRABALLO DE AULA
<ul style="list-style-type: none"> Vocabulario Gramática <i>Listening</i> <i>Reading</i> <i>Writing</i> 	<p>SPEAKING</p> <ul style="list-style-type: none"> Monólogos Presentacións orais Diálogos interaccións orais Role-plays Representacións teatrais Proxectos Miniproxectos Traballos colaborativos Traballos individuais Calquera tarefa integrada (de varias destrezas) 	<ul style="list-style-type: none"> Redaccións Gravacións de audio Calquera actividade recollida na clase Actividades para casa Lecturas voluntarias 	<ul style="list-style-type: none"> Actitude positiva cara a aprendizaxe Disposición para comunicarse en inglés Participación Ter o material Esfuerzo no traballo na aula Caderno de clase (completo, corrixido, ben presentado)
40%	40%	10%	10%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2º de BACHARELATO			
EXAME	SPEAKING	PORTFOLIO	
<ul style="list-style-type: none"> ➤ COMENTARIO DE TEXTO (READING) <ul style="list-style-type: none"> Summary (1 point) Vocabulary: synonyms (0.5 points) Reading comprehension: true or false (1 point) ➤ ESSAY (3 points) ➤ LISTENING (1.5 points) ➤ GRAMMAR: <ul style="list-style-type: none"> Transformations (1 point) Fill in, complete... (1 point) ➤ VOCABULARY (1 point) 	<ul style="list-style-type: none"> Presentacións orais Role-plays Diálogos Representacións teatrais Interaccións orais Monólogos 	<ul style="list-style-type: none"> Redaccións (essays) Comentarios de texto Calquera actividade recollida na clase Actividades para casa que se recollan 	
	10%	10%	
		<p>TRABALLO DE AULA</p> <ul style="list-style-type: none"> Actitude positiva cara a aprendizaxe Disposición para comunicarse en inglés Participación Ter o material Esfuerzo no traballo na aula 	
75%	5%		

En todos os niveis e cursos, **será preciso obter unha cualificación mínima en cada parte** (30% do seu valor) para poder calcular a nota da avaliación, sendo ademais condición indispensable que ningunha das probas escritas se entregue en blanco.

CUALIFICACIÓN FINAL EN XUÑO, E PROMOCIÓN:

Obterase aplicando as seguintes porcentaxes a cada avaliación:

1ª avaliación: **25%** 2ª avaliación: **25%** 3ª avaliación: **50%**

Considérase que o alumno que acade un 5 na 3ª avaliación superará a materia.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

Indicadores de logro do proceso de ensino	valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.					
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.					
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.					
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.					
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.					
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.					
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.					
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.					
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.					
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.					
OBSERVACIÓNS					

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Indicadores de logro da práctica docente	valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.					
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.					
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.					
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.					
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.					
6. Combínase o traballo individual e en equipo.					
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.					
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.					
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.					
10. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.					
11. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.					
12. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.					
13. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...					
OBSERVACIÓNS					

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Se un/unha alumno/a ten o inglés como materia pendente dalgún curso anterior, esta será contabilizada, a efectos de promoción e/ou titulación, como unha materia máis.

Na ESO e 1º de Bacharelato faranse **dúas convocatorias** de exames ao longo do curso: a primeira en xaneiro ou febreiro (calendario pendente de publicación pola xefatura de estudos), e a segunda en maio; en 2º Bacharelato faranse en xaneiro ou febreiro, e en abril. No caso de non aprobar ningún dos dous exames anteriores, terán que presentarse á **convocatoria extraordinaria** no mes de setembro, agás en 2º Bacharelato, que será no mes de xuño.

En todas as convocatorias o alumnado será avaliado de toda a materia do curso. O alumnado que aprobe calquera delas recupera a materia, posto que todas elas teñen carácter global en canto a contidos, e o exame supón o 100% da nota da materia pendente.

As probas constarán do mesmo tipo de actividades que o alumno realizou no curso anterior e realiza no curso actual, agás as actividades orais. Constarán dunha actividade de comprensión lectora, expresión escrita (unha redacción breve), e actividades que esixan o uso do vocabulario, gramática, funcións e estratexias que o alumno desenvolveu en cada curso. Os obxectivos, contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación serán os mesmos que están establecidos para cada curso.

O material de repaso a traballar (libro de texto, libro de exercicios e outros materiais didácticos) será o mesmo que se ten decidido para cada un dos cursos pola vía ordinaria.

O seguimento dos alumnos con materia pendente correrá a cargo do/a profesor/a actual, asignando o material de repaso e resolvendo dúbidas. As probas para avaliar a materia pendente serán elaboradas pola xefa do departamento e consensuadas co/a profesor/a de cada nivel. As probas serán corrixiadas pola xefa do departamento e revisadas polo/a profesor/a actual do alumno, que terá en conta o traballo que está a desenvolver na aula. Valorarase, excepcionalmente, os resultados na 1ª e 2ª avaliacións do curso no que está matriculado actualmente.

O alumnado ten a **obriga** de presentarse aos exames de pendentes. De non facelo, **non acadará unha valoración positiva na materia**. A información sobre datas de exame, horario e aulas estará publicado na web do centro e nos taboleiros das aulas. É responsabilidade do alumnado consultar a devandita información.

A cualificación final da materia pendente calcularase como segue:

- 80% a **proba escrita**, distribuída do seguinte xeito:
 - Vocabulario, gramática, funcións: 6 puntos
 - Comprensión escrita: 2 puntos
 - Expresión escrita: 2 puntos
- 20% o **traballo de reforzo**:
 - recollerase con antelación ó día da proba escrita, na data que a xefatura de departamento marcará como límite e terá comunicado e publicado previamente. No caso de que haxa unha diferenza de 2,5 ou máis puntos entre a proba escrita e o traballo de reforzo, este último descartarase.

10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDIMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS (BACHARELATO).

O artigo 36 da LOMCE sinala que a superación das materias de segundo curso que se indican no anexo VI do decreto estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade, caso da Primeira Lingua Estranxeira I e II.

Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Ao inicio do curso académico, o profesor avaliará ao alumno en canto aos seus coñecementos lingüísticos previos, a súa actitude e os seus intereses, o seu estilo de aprendizaxe (as súas estratexias, o tempo que necesita para cada tarefa, a súa organización, a súa autonomía, etc.), o seu xeito de relacionarse, as súas necesidades...; é dicir, todas as súas características persoais para determinar como será a intervención pedagóxica.

Esta avaliación inicial levarase a cabo utilizando distintos instrumentos:

- Observación na clase, especialmente da produción e comprensión oral (listening e speaking)
- Autoavaliación, en forma de cuestionario, sobre estilos de aprendizaxe, destrezas destacadas e aspectos a mellorar.
- Proba de diagnóstico para avaliar os coñecementos previos. Esta proba constará dos 5 bloques habituais nas probas do resto do curso:
 - Gramática e vocabulario
 - Reading
 - Writing
 - Listening
 - Speaking

Segundo o resultado das probas tomaranse medidas de Adaptación Curricular, reforzo, revisión ou ampliación a nivel individual, así como medidas de revisión ou de adaptación da programación a nivel colectivo.

Por outra banda, os resultados da avaliación inicial servirán de indicador para a organización de posible axuda entre iguais (medida xa adoptada en cursos anteriores, en 1º e 2º de ESO) e para a organización do posible traballo colaborativo, no que o idóneo sería que a colaboración sexa entre alumnos con distinto grao de adquisición da lingua ou con diferentes habilidades.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Cada alumno e cada alumna é distinto dos demais. Os seus coñecementos, ideas e crenzas previas son distintos; tamén o son as súas capacidades, os seus ritmos de desenvolvemento e de traballo e o seu estilo de aprendizaxe. Se queremos que todos aprendan non podemos pensar que todos saben o mesmo, adquiren as mesmas capacidades, teñen os mesmos intereses ou a mesma maneira de aprender nin igual nivel de motivación.

Atendendo a estas características, os profesores do departamento de inglés tomarán **medidas de atención personalizada** nos seguintes casos:

- para os alumnos que teñan o inglés pendente de superar do curso anterior.
- para alumnos que non promocionaron e repiten curso.
- para alumnos con necesidades educativas especiais (TDAH, Asperger, autismo, discapacidade intelectual...) ou con problemas de conducta.
- para alumnos con desfase curricular ou problemas de comunicación por proceder do estranxeiro.
- para todo o alumnado que, a través da avaliación continua, demostra que non progresa adecuadamente.
- para todos aqueles alumnos que nun momento dado presenten unha dificultade de aprendizaxe.
- para alumnos que amosen unha alta competencia na lingua inglesa e necesiten tarefas que supoñan un avance na aprendizaxe da lingua.

Estas medidas levaranse a cabo dentro da aula, posto que o departamento de inglés non conta con ningún profesor de apoio nin coa posibilidade de facer agrupamentos fóra do grupo ordinario. Os grupos son numerosos, o que dificulta esta atención á diversidade, pero hai que matizar que no presente curso académico os grupos de 1º e 2º de ESO, na

materia de inglés, son menos numerosos, polo que é previsible unha mellor atención á diversidade. Cada profesor incorporará actividades específicas que permitan a adquisición de aprendizaxes a distinto nivel.

Cando as dificultades de aprendizaxe sexan graves pódense adoptar outras medidas, como o reforzo educativo ou as adaptacións curriculares.

O obxectivo das propostas de atención á diversidade que se indican a continuación é ter presente tanto aos alumnos/as que presentan dificultades como aos que amosan grande facilidade para a aprendizaxe e necesitan novos retos. A atención á diversidade facilítase a través de:

1. Materiais curriculares
 - actividades opcionais de extensión e revisión.
 - material complementario para afianzar e ampliar os contidos presentados previamente.
 - actividades destinadas, principalmente, para aqueles alumnos aos que lles costa seguir o ritmo da clase.
 - actividades para alumnos máis avantaxados que acaban as actividades antes que o resto da clase.
 - actividades de autocorrección en páxinas web.
 - páxinas web con vídeos e actividades para revisar.
2. Traballo colaborativo e por proxectos, posto que é máis versátil e permite que cada alumno traballe segundo as súas capacidades e preferencias. Por outro lado, ao partir dos intereses dos alumnos, resulta máis motivador, sendo a motivación un elemento impulsor do traballo e polo tanto da mellora.
3. **Desdobres** de conversación unha vez por semana, para facilitar a práctica das destrezas orais. Cando resulta necesario, o profesor de desdobre actúa como profesor de reforzo dentro da mesma aula.
4. Unha **Sección Bilingüe** de tecnoloxía, en 2º, 3º e 4º de ESO.

13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A práctica da aula reproduce de forma continua temas e vivencias do mundo exterior, ofrecéndolle ao profesorado a posibilidade de incorporar o tratamento xeral dos temas transversais no propio ritmo da clase e de facelos emanar de forma natural das actividades lingüísticas que se desenvolven día a día, de tal xeito que non supoñan para o profesorado unha actividade illada e sen coherencia didáctica. O ambiente que se cree na aula debe facilitar por si mesmo unha educación moral e cívica fundamentada no respecto, no diálogo e na autocrítica do alumnado que forma parte da comunidade grupal e escolar. Nesta liña, facemos fincapé a continuación nos **contidos transversais cos que se traballará en todos os cursos adaptándose ao seu nivel e madurez.**

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e

os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

13.1 Plan lector.

A materia de lingua inglesa está directamente relacionada co fomento da lectura posto que, ao tratarse da aprendizaxe dunha lingua, a competencia lectora e o desenvolvemento de estratexias para acadala é un dos seus obxectivos básicos.

A través do libro de texto, da internet, xornais, revistas e outros recursos e soportes os alumnos entrarán en contacto con todo tipo de textos: cartas, mensaxes electrónicos, receitas de cocíña, instrucións, tiras cómicas, novelas, folletos turísticos, anuncios, horarios, menús, extractos de obras literarias, artigos de periódicos, revistas e publicacións na rede, letras de cancións...

As estratexias de comprensión lectora non son exclusivas dunha lingua, polo que serán traballadas nas actividades ordinarias da aula nas distintas materias. Algunhas destas estratexias implicadas na competencia lectora que se traballarán nas clases de inglés son:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información específica (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias a partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto cos coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa súa utilidade e función).

A lectura pode non ser só libros, senón outros materiais. Ademais dos libros, o profesorado terá a liberdade de elixir outros soportes polos que o alumnado traballe a lectura: textos independentes (fotocopias, etc.), recursos de internet, cancións, carteis, etc. Todos eles poderán ser obxecto de exame e avaliación para traballar a destreza lectora.

Aparte da lectura de todo tipo de textos na aula, o departamento de inglés vai desenvolver outras actividades de fomento da lectura:

1. Libros de lectura voluntaria: *Bookbusters*

Bookbusters é unha sección do club de lectura do IES de Melide que ten como obxectivo o fomento da lectura en lingua inglesa. Conta cun amplo fondo de libros de lectura graduados e os profesores animarán aos alumnos á lectura dun o varios destes libros ao longo do curso e avaliarana a través de tarefas orais ou escritas que se acorden con eles (resumos, exercicios de comprensión, valoración do libro, preguntas orais sobre o seu contido, proxecto, maqueta, recensión, etc.).

O obxectivo de ler nunha lingua estranxeira presenta dous retos engadidos: por un lado, un alumnado resistente a enfrontarse as dificultades de ler nunha lingua que non é a propia e que aínda está a aprender; e por outro os diferentes grados de competencia lingüística en inglés existentes entre uns alumnos e outros.

- *Bookbusters* nas clases de inglés e titoría.
Tendo en conta estes factores, empezouse por acercar os libros ás aulas, tanto nas clases de inglés, una vez cada semana ou cada dúas, como nas titorías. Os alumnos, axudados polo profesor, escollen o nivel e a temática do seu interese de entre os existentes no caixón de libros de *Bookbusters*. En ocasións todos len na clase e noutras só se fai o servizo de escolla e préstamo.
- Reunións de *Bookbusters*.
Nalgúns recreos os profesores de inglés atenden coa escolla e préstamos dos alumnos que queiran reunirse e comentar sobre os libros que están a ler ou a escoitar opinión e suxestións sobre lecturas.

2. Textos en soporte dixital

O profesor vai proporcionar actividades e proxectos aos alumnos para que fagan uso de páxinas web en inglés. Esta páxinas son unha fonte moi importante de inglés “auténtico” (non simplificado para facilitar a aprendizaxe), proporcionan temas afíns aos intereses dos alumnos e tarefas moi motivadoras para eles.

3. Representacións teatrais

- Lectura de obras de teatro para a súa posterior representación.
- Lectura dramatizada na aula
- Redacción de sketches, situacións ou obras de teatro e representación posterior

4. Cine e televisión

O texto fílmico e a súa linguaxe cinematográfica tamén se traballan nas aulas de inglés, con visionado, análise, adaptación, dobraxe, gravación... de filmes. A web <http://film-english.com> pode ser utilizada para estes fins. Contamos ademais coa participación de dous profesores nun contrato-programa: *Lights, Camera, Action!*, no que se visionan filmes en versión orixinal, e se organizan actividades receptivas-productivas a redor deles.

5. Música e textos orais

A comprensión oral traballase dende as aulas non so con distintos tipos de textos orais (de internet, de películas, TV...) se non tamén coa música, que engade un elemento motivador.

6. Proxectos interdisciplinares

O departamento de inglés participará nos proxectos interdisciplinares propostos para 2º de ESO dende a materia En Proxecto, concretamente o “Corremelide”.

En 1º e 2º de ESO tamén se participará dende a materia de inglés no *Proxecto Deportivo de Centro*.

13.2 As tecnoloxías da información e da comunicación.

O Departamento de inglés seguirá a incorporar as TIC na súa actividade: no proceso de ensino-aprendizaxe, na relación entre os membros do departamento e co resto do profesorado, no contacto con centros do exterior, etc.

O feito de que todas as aulas contan cun ordenador, un proxeccionador e un encerado dixital facilita e incentiva o fomento das TIC nas clases de inglés. As aulas de 1º e 2º de ESO son aulas do proxecto ABALAR, así que contan asemade con ordenadores para cada alumno, polo que o uso das TIC forma parte da actividade diaria das clases de inglés.

1. Obxectivos:

- a. Fomentar a procura de información na rede e facilitar ao alumnado as ferramentas para facelo.
- b. Educar no espírito crítico para seleccionar a información útil e a superflua.
- c. Reforzar as comunicacións entre alumnado do centro, e con alumnado doutros centros.
- d. Fomentar a participación en foros de opinión de carácter virtual.
- e. Ensinar a alumnos e profesores a utilizar as ferramentas TIC como medio de comunicación, formación e información rápidas e dinámicas
- f. Integrar soportes variados no proceso de ensino-aprendizaxe (imaxe+texto+son+...).
- g. Fomentar o uso da internet como mecanismo de viaxe a outras culturas e realidades, e como medio para romper as barreiras dos prexuízos cara a temas de diversa índole.
- h. Reforzar o uso das TIC como ferramenta útil para o futuro laboral do alumnado.
- i. Uso da internet como fonte inesgotable de recursos en lingua inglesa.
- j. Cooperar con outros departamentos para elaborar materiais TIC interdisciplinares (ex. Co Dpto. De Música: gravación e edición de contos en inglés musicados).

2. Recursos.

- a. Aulas ABALAR (con encerado dixital, ordenadores para cada alumno e un espazo virtual para traballar) en 1º de ESO e en 2º de ESO. O uso dos ordenadores individuais fomenta a autonomía do alumnado para aprender e desenvolve a súa competencia para buscar e procesar información.
- b. Ordenadores e proxectores en todas as aulas que se utilizan a diario nas clases de inglés: aparte do libro de texto dixital, tanto profesores como alumnos utilizan presentacións en distintos formatos (Power Point, Genially, Drive...) vídeos, páxinas web, películas, fotos e imaxes...
- c. Disposición da aula de informática en 3º e 4º de ESO para que os alumnos dispoñan de ordenadores individuais polo menos unha hora semanal.
- d. Aula virtual do departamento de inglés, e aula Edmodo para o alumnado CUALE.
- e. Uso de Google Drive e correo electrónico para compartir información e documentos, traballar colaborativamente ou resolver dúbidas.
- f. No Departamento contamos cun BLOG en activo que pretende incentivar a participación activa do alumnado, como plataforma para as súas producións e actividades creativas, así como axuda por parte do profesorado: <http://melideinenglish.blogspot.com.es/>

3. Tipos de actividades.

- Webquests ou pequenos traballos de investigación (visita virtual a Londres; rastrexo na web sobre Shakespeare e a súa época; a historia da lingua inglesa en imaxes; os países de fala inglesa, etc.)
- Foros para alumnos e para profesores.
- Alimentar o blog existente.
- Exposicións orais utilizando presentacións con Powerpoint, Google Drive, Prezi... especialmente para as sesións de conversación.
- Utilización de imaxes ou montaxes de imaxes ou de vídeo para ambientar os *role plays* e diálogos realizados na clase de conversación.
- Nas aulas ABALAR os alumnos/as utilizan **páxinas web** en inglés para a elaboración de proxectos e actividades.. A elaboración destes **proxectos** integran as catro destrezas: *reading, writing, listening e speaking*, así como o tratamento e proceso da información. Os alumnos buscan información e utilizan o *editor de textos* ou *PowerPoint, etc.* para a súa presentación ao profesor e ao resto da clase
- Os outros grupos tamén realizarán proxectos colaborativos ou tarefas nas que o alumno debe facer unha pequena labor de investigación e posterior edición ou exposición, utilizando internet e editor de textos, PowerPoint, Genially, Google Drive, wiki... nas **aulas de informática**.
- Visionado de fragmentos de **películas** en versión orixinal con subtítulos en inglés. Visionado de distintos tipos de vídeos ou audicións en inglés a través de internet. Posterior análise ou dobraxe. Tamén visionado de escenas de películas para revisión de estruturas gramaticais, especialmente dende a páxina web <http://moviesegmentstoassessgrammarggoals.blogspot.com.es/>
- Exercicios "a medida"**. Tanto nas aulas ABALAR como na aula de informática o profesor/a pode encargar a algúns/algunhas alumnos/as que vaian realizando determinados exercicios; algúns poden ser autocorrectivos e outros requirirán que o/a alumno/a entregue un traballo. Os alumnos poden acceder a distintas páxinas web indicadas polo profesor/a que teñen actividades deseñadas para os distintos niveis. Este tipo de actividades facilitan a atención á diversidade, posto que cada alumno pode ir ao seu propio ritmo. Os exercicios autocorrectivos facilitan a atención á diversidade en grupos numerosos.
- A actualidade entra nas aulas**. Proxectando as imaxes das noticias dos periódicos dixitais pódense comentar temas de actualidade relacionados coa materia, debater sobre conflitos, xulgar e explicitar valores, etc... Na clase de inglés utilízanse periódicos dixitais ou outras fontes de información con texto ou sonido en lingua inglesa para realizar actividades de comprensión e de expresión oral.

13.3 Programación da educación en valores.

A educación en valores trabállase dende todas as áreas en xeral e dende o departamento de inglés en particular, posto que o obxectivo xeral da materia é o uso e coñecemento da lingua inglesa e isto pode acadarse dende calquera temática. Polo tanto, nas clases de inglés trataranse os distintos valores no desenvolvemento do currículo e tamén fomentando distintas actitudes ou rexeitando outras no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trataranse os seguintes aspectos:

1. Educación para a saúde: proxectos sobre alimentación saudable e sobre os deportes que se poden practicar no seu entorno ou no mundo..
2. Educación ambiental: actividades ou tarefas sobre problemas ambientais, as súas causas e solucións, e tamén sobre reciclaxe.
3. Educación para a paz: traballarase a resolución pacífica de conflitos, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto polo outro e o rexeitamento a calquera forma de violencia.
4. Educación do consumidor: lecturas, debates, vídeos, representacións... para educar no consumo responsable e nos dereitos do consumidor
5. Educación para a igualdade entre os sexos, razas, relixións...a través da investigación sobre a cultura anglosaxona e a busca de similitudes e diferencias coa cultura propia. Tratarase tamén a situación da muller, fomentando o pensamento crítico, a tolerancia e a prevención da violencia de xénero
6. Educación multicultural, a través do estudo das diferencias e semellanzas entre a cultura anglosaxona e a propia, fomentando a tolerancia ante a diferenza e o respecto á diversidade.
7. Educación sexual: abordando de forma natural o tema das relacións persoais en xeral e das sexuais en particular, fundamentalmente a través do cine, series de televisión ou literatura.
8. Educación viaria: a través da interpretación de sinais e carteis, e do coñecemento das cidades e pobos do mundo anglosaxón.

13.4 Accións de contribución ao plan de convivencia.

A boa convivencia no centro e na aula é fundamental para que o proceso de ensino-aprendizaxe teña éxito. Partindo da premisa de que a convivencia está baseada na tolerancia e o respecto, o departamento de inglés propón:

1. Que o profesorado sexa exemplo de tolerancia e respecto, tanto no trato cos compañeiros como cos alumnos e ante distintas situacións.
2. Garantir un ambiente de respecto mutuo que favoreza o bo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, evitando a discriminación por sexo, relixión, raza, nacemento ou calquera outra causa e fomentando a participación e o respecto polas ideas dos outros.
3. Promover a resolución de conflitos a través do diálogo.
4. Intervir ante condutas disruptivas, dialogando, aplicando medidas correctoras e informando ao titor e á xefatura de estudos.
5. Previr posibles casos de acoso escolar facendo un seguimento dos alumnos en canto á súa actitude e ás relacións cos compañeiros, para detectar posibles cambios.
6. Comunicar ou contrastar calquera cambio de conducta co titor, xefe de estudos ou orientadora.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

1. Participación de alumnado de 2º ESO no programa de inmersión lingüística “English Week”, da Consellería de Educación.
2. Viaxe de longa duración e inmersión lingüística, con alumnado de 3º e 4º de ESO, na semana anterior a Semana Santa.
3. Participación no concurso PASSWORD contra o IES Agra de Leborís e o IES de Ordes. Para alumnado de 3º e 4º de ESO.
4. *Lights, Camera, Action!*: obradoiros sobre cine e literatura en lingua inglesa para 1º ciclo de ESO, englobados no Contrato-Programa de Actuación nº 3. Reunións os mércores de 2.15 a 4.20, cada dúas semanas.
5. Asistencia á proxección dunha película baseada nunha obra literaria en lingua inglesa, se se dera o caso. Para alumnado participante en *Lights, Camera, Action!*
6. Bookbusters, club de lectura en inglés. Préstamo de libros, reunións, comentarios sobre os libros lidos, lecturas dramatizadas. Nos recreos dos mércores.
7. Outras actividades que se acorden.

A realización destas actividades pode verse suxeita a posibles eventualidades que modifiquen algunha data ou a propia posta en práctica.

15. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A presente programación didáctica será obxecto de revisión e avaliación permanente, como parte da avaliación do proceso docente, tendo en conta a súa eficacia para conseguir os obxectivos propostos. As observacións dos membros do departamento de inglés, do propio alumnado, do equipo directivo e doutros membros da comunidade educativa serán a base para unha revisión xeral da programación ao final do curso.

Con todo, o seguimento da programación farase en reunión de departamento cando menos unha vez ao mes e cada trimestre farase unha análise de resultados académicos e as pertinentes propostas de mellora. Se debido a todo isto é necesario facer modificacións puntuais, informarase axeitadamente ao alumnado.

Neste proceso de avaliación da programación avaliaranse todos os seus elementos e valorarase a súa idoneidade ou adecuación segundo os seguintes indicadores de logro:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
4. Adecuación do sistema de cualificación.
5. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
8. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
9. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
10. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
11. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].
13. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación das materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]
15. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
16. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

As posibles modificacións da programación realizadas ao abeiro desta avaliación faranse constar na memoria final do departamento, xunto coas medidas propostas, para ser tidas en conta na programación didáctica do curso seguinte.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA					
Indicadores de logro	Valoración				Propostas de mellora
	1	2	3	4	
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.					
2. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.					
3. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.					
4. Adecuación do sistema de cualificación.					
5. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.					
6. Adecuación da secuencia de traballo na aula.					
7. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.					
8. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).					
9. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.					
10. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.					
11. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].					
12. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].					
13. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
14. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]					
15. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.					
16. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.					
17. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.					
18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.					
19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.					
20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.					
OBSERVACIÓNS					

16. EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS. NIVEL II.

A [ORDE do 20 de marzo de 2018, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas](#) e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 71, 12 de abril, 2018), establece que a educación secundaria para as persoas adultas estrutúrase en dous niveis, I e II, con recoñecemento académico en todo o Estado. En cada nivel intégranse tres ámbitos de coñecemento, os ámbitos de comunicación, social e científico-tecnolóxico, organizado cada un deles en catro módulos, aos cales se incorporan os aspectos básicos das materias da educación secundaria obrigatoria previstas na disposición derradeira primeira do *Real decreto 562/2017, do 2 de xuño*, que modifica a disposición adicional cuarta do *Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro*.

O IES de Melide imparte o nivel II, módulos III e IV.

O **ámbito da comunicación**, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e **Lingua Estranxeira**, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

O **currículo** de Lingua Estranxeira a seguir será:

- ▶ módulo III: o comprendido nas páxinas 20.014 a 20.025 (ámbalas dúas incluídas)
- ▶ módulo IV: o comprendido nas páxinas 20.027 a 20.038 (ámbalas dúas incluídas)

da [ORDE de 20 de marzo de 2018](#), arriba mencionada.

OBXECTIVOS XERAIS DA MATERIA DE INGLÉS

1. Comprender o sentido xeral, a información específica e os detalles necesarios de textos orais transmitidos en situacións cara a cara ou por medios técnicos, emitidos nunha lingua estándar e que traten temas habituais vinculados coa vida persoal e social e as distintas disciplinas do currículo.
2. Producir textos orais coherentes e adecuados a distintas situacións de comunicación propias da idade e do nivel académico de estudos, con razoable fluidez e corrección.
3. Escribir, en soportes variados, diversos tipos de textos sinxelos, sobre temas próximos e con distintos propósitos comunicativos.
4. Comprender textos escritos en lingua estándar, tanto en rexistro formal como familiar, que aborden unha temática xeral ou relacionados co ámbito académico propios da idade e do nivel de estudos.
5. Ler de forma autónoma textos xornalísticos, de divulgación científica e literarios, seleccionando a estratexia de lectura apropiada ao propósito da lectura e valorando esta como fonte de información, coñecemento e lecer.
6. Utilizar e valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio para acceder á información e a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a súa importancia como medio de comunicación e entendemento internacional nun mundo multicultural e plurilingüe.
7. Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais dos países en que se fala a lingua estranxeira tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre estes e os propios, e evitando toda discriminación e estereotipos culturais e lingüísticos.
8. Saber planificar a propia aprendizaxe e adoptar unha postura activa e responsable dela, utilizando recursos, como as tecnoloxías da información e da comunicación, e estratexias para mellorar o desenvolvemento da competencia comunicativa e poder guiar a aprendizaxe de forma consciente dentro e fóra da aula.
9. Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira amosando neste proceso actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Léxico oral e escrito básico de uso común (producción e comprensión) relativo a:

- Identificación persoal elemental.
- Vivenda, fogar e contexto.
- Actividades da vida diara.
- Familia e amizades.
- Traballo, tempo libre, lecer e deporte. Vacacións.
- Saúde e coidados físicos.
- Educación e estudo.
- Compras.
- Alimentación e restauración.
- Ambiente, clima e ámbito natural.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos básicos e máis habituais (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión sinxela de opinións).
- Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras areas do currículo.

Estruturas sintáctico-discursivas propias da Lingua Inglesa: mostrarán un dominio suficiente das seguintes estruturas:

3º ESA:

- To be , To have
- Numerais, plurais
- Pronomes Persoais (Suxeito e obxecto)
- Xenitivo saxón, adxectivos posesivos
- Preposicións (Tempo e Lugar)
- Word Order
- Tempos Verbais: Imperativo, Presente Simple, Pasado
- Rutinas, actividades do lecer
- Descricións persoas e lugares
- Traballos

4º ESA

- Tempos Verbais: Simple Present / Present Continuous / Simple Past
- Will / Be going
- Verbos modais: Can, Should, Must
- Some /Any; Much, Many, A lot of
- Horas, Datas, etc
- Comparativas
- Descricións
- Likes and Dislikes
- Funcións: Presentacións, Invitacións, Aceptar e Rexeitar, Dar direccións

AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será **continua**, terá un carácter **formativo** e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados e incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoevaluación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os

protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

TIPOS DE AVALIACIÓN

- **Avaliación inicial (diagnóstica):** Ao comezo do curso levará a cabo unha avaliación inicial do alumnado, que permitirá adoptar as decisións e tomar as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación para lograr superar os obxectivos da etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
- **Avaliación continua (formativa):** A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será global, continua e formativa e terá en conta o progreso do alumno e das competencias clave, tendo en conta os perfís de área e de competencia.
- **Avaliación final (sumativa):** Ao final de cada curso o equipo docente levará a cabo a avaliación final dos resultados alcanzados polos alumnos e alumnas do grupo.

Todos os contidos avaliados están organizados segundo as distintas destrezas establecidas polo Marco Común Europeo de Referencia:

- A comprensión oral (escoitar e comprender)
- A comprensión escrita (ler)
- A expresión oral (falar e conversar) (pronuncia e entoación)
- A expresión escrita (composición)
- Estruturas sintácticas e léxicas

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación sistemática do traballo e da participación do alumno na clase.
- Intercambios orais: preguntas na clase, diálogos, coloquios, debates e presentacións, interacción por parellas, etc.
- Exames orais e escritos
- Valoración positiva dos traballos feitos na casa, sempre e cando non se teña a sospeita de que non foron feitos polo alumno ou alumna: exercicios de gramática, vocabulario, exercicios de lectura comprensiva, exercicios de redacción (estes últimos serán recollidos polo profesor e corrixidos seguindo as rúbricas).
- Actividades nas que se avalíen a actitude dos alumnos seguindo as seguintes pautas:
 - ✓ Participación activa en clase.
 - ✓ Interese pola mellora da competencia comunicativa oral e escrita.
 - ✓ Presentación das producións escritas con precisión, claridade, etc.
 - ✓ Interese polo traballo e aplicación ao mesmo, valorando o interese pola correcta realización dos exercicios e actividades.

As probas de carácter sumativo avaliarán as catro destrezas comunicativas de comprensión e expresión oral e escrita (Reading, Writing, Listening e Speaking), ademais dos aspectos relacionados co coñecemento do funcionamento da lingua (Use of English e Vocabulary), polo que constarán das seguintes partes:

- **Probas de produción escrita (Writing):** nas que se terá en conta a corrección lingüística (uso correcto das estruturas gramaticais e uso de vocabulario axeitado e conectores), a adecuación do tema ao escrito polo alumno, a estrutura e organización das ideas, a presentación, etc.
- **Probas de comprensión lectora (Reading):** nas que se medirá o grao de comprensión de textos similares aos feitos na aula mediante tarefas de distinto grao de dificultade: identificación de personaxes, información verdadeira / falsa; recoñecemento de vocabulario e inferencia do significado a partir do contexto ou do tipo de palabra; relación entre fotos ou debuxos e información do texto; ordenar paragrafos; responder a preguntas sobre o texto, etc.

• **Probas de gramática e vocabulario (Use of English):** medirase o coñecemento e uso axeitado das estruturas gramaticais, sintácticas, morfolóxicas así coma léxicas da lingua inglesa, tendo en conta os contidos mínimos presentados na programación, e segundo os modelos de exercicios feitos na aula: elixir a resposta correcta, completar espazos en branco con vocabulario dado, formación de oracions, etc.

• **Probas de comprensión auditiva (Listening):** avaliarán a capacidade dos alumnos para comprender o sentido global e específico de textos orais procedentes de medios de reprodución mecánicos (CD, vídeos, etc.) ou de interacción cos compañeiros ou o profesor, mediante exercicios nos que terán que respostar a preguntas, completar información, indicar se é verdadeiro ou falso, identificar aos falantes, etc., según os contidos desta programación.

• **Probas de produción oral (Speaking):** avaliarán a capacidade dos alumnos na comunicación oral, tendo en conta a pronunciación e a entoación correcta, segundo os contidos desta programación. Trátase, sobre todo de que os alumnos sexan capaces de comunicarse e interactuar co interlocutor, utilizando estratexias lingüísticas ou non lingüísticas de comunicación (pedir que lle repitan algo que non entendeu, xestos, etc.).

Se non se puidese facer este exame por motivos de tempo, o profesor pode substituílo pola observación realizada durante o cuatrimestre do nivel oral dos alumnos na aula.

Se o alumno non se presentase a algún exame, non acreditará a súa competencia nesa(s) destreza(s). Só se lle admitirá unha causa xustificada (informe médico, defunción dun familiar, imprevisto de forza maior) como eximente para non presentarse e solicitar facer a proba noutra data.

As porcentaxes que terán as distintas partes son as seguintes:

Exames escritos: 80 %

Writing: 20% (2/10)

Reading: 20% (2/10)

Use of English: 30% (3/10)

Vocabulary : 10 % (1/10)

Exames Oraís: 20%

Listening: 10% (1/10)

Speaking: 10% (1/10)

A nota acadada nestes exames contará un 80% da nota global. O 20% restante valorará o traballo do alumno tanto na casa coma na aula. Valórase neste segundo apartado o seguinte:

	SEMPRE	HABITUAL- MENTE	ALGUNHAS VECES	CASE NUNCA	NUNCA
Atención, participación, e traballo diario na aula. Esfuerzo continuado.					
Intervencións orais durante a clase: respostas, lecturas de textos escritos...					
Desenvolvemento de actividades extras propostas polo profesor.					
Respecto polos prazos sinalados para a presentación de traballos escritos.					

Aqueles traballos dos que se sospeite autoría allea ao alumno serán cualificados con **0**.

17. PROGRAMA CUALE

Durante este curso impartiranse no IES de Melide os niveis A1, A2, B1 e B2 do programa CUALE.

A programación didáctica (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) a seguir en cada nivel será a elaborada pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, o noso centro de referencia donde o noso alumnado será examinado das probas de certificación. Este proxecto didáctico é publicado cada curso pola Escola de Idiomas na súa web oficial: <http://www.eoisantiago.org>

Organización e desenvolvemento do programa CUALE:

1. O **programa** desenvolverase fóra do horario lectivo ao longo do curso escolar e terá **carácter voluntario** para os destinatarios. As clases repartiranse segundo o nivel do seguinte xeito:
 - a A1: mércores, de 16:20 a 19:10
 - b A2: xoves, de 16:20 a 19:10
 - c B1: martes, de 16:20 a 19:10
 - d B2: luns, de 18:20 a 20:00; mércores, de 19:10 a 20:00
2. A **asistencia** ás clases de CUALE, tal e como marca a normativa vixente, será controlada, de tal maneira que, ao sobrepasar as faltas de asistencia o 10% do total da carga lectiva, perderase o dereito á avaliación continua.
3. A **implicación** destes cursos correrá a cargo de M^a Dolores Manteiga Gómez, profesora de lingua estranxeira con destino definitivo no centro, quen será a encargada da elaboración e avaliación de probas de aproveitamento.
4. A **formación** para esta modalidade organizarase de xeito que ao finalizar o curso o alumnado estea en condicións de superar as probas de certificación das escolas oficiais de idiomas no nivel correspondente.
5. O **alumnado** que siga este programa formativo non terá a consideración de alumno/a da escola Oficial de Idiomas, polo que a realización de probas finais específicas para conseguir o certificado da EOI estarán suxeitas ás condicións establecidas para o alumnado escolarizado nas escolas oficiais de idiomas polo réxime libre.
6. A **matrícula** realizarase na secretaría do centro ata mediados do mes de setembro. O alumnado procedente doutros centros deberá acompañar a súa solicitude dunha certificación expedida pola dirección do seu centro que acredite que está cursando os estudos requiridos para esta modalidade.
7. O **currículo, a metodoloxía, os criterios de avaliación e as condicións de promoción destes cursos realizaranse tendo en conta os niveis de referencia A1, A2, B1 e B2 do Marco Común Europeo de Referencia (MCERL)**, e segundo consta na programación da EOI. Dado que o alumnado do CUALE cursa ao mesmo tempo o inglés na ensinanza regrada de ESO ou Bacharelato, sendo comúns ou similares os currículos, e dado que o alumnado CUALE ten menos horas lectivas que o das EOI, a adaptación na programación consiste en centrarse nas destrezas orais e na práctica de exames. Os contidos gramaticais non se traballarán, do vocabulario traballarase o que non coincida co xa traballado en ESO e Bacharelato, e a comprensión e a expresión escritas traballarase en menor medida.

Avaliación e acreditación do programa CUALE

O Consello de Europa aprobou un marco común de referencia do nivel de competencia lingüística no que se basean os descritores do Portfolio Europeo das Linguas (PEL). Existen tres niveis (A, B e C) divididos en dous bloques cada un. A1 e A2, referidos ó nivel básico, e B1 e B2, nivel intermedio, serán os niveis impartidos nos institutos de secundaria dentro do programa CUALE.

A profesora responsable realizará probas ao remate de cada un dos cursos. A superación de devanditas probas suporá a expedición por parte do centro:

1. Do certificado do nivel básico A1 de competencia.
2. Do certificado de aproveitamento do curso preparatorio para a obtención do nivel básico A2, B1 ou B2.
3. Para a obtención do certificado do nivel A2, B1 e B2 será necesaria a superación de probas terminais específicas de certificación que serán elaboradas, organizadas e avaliadas polas Escolas Oficiais de Idiomas. O alumnado do CUALE deberá matricularse como alumnado libre na EOI para poder realizar ditas probas de certificación.
4. O alumnado terá dúas probas avaliadoras ao longo do curso: en xaneiro e maio/xuño. Nelas será avaliado das catro destrezas comunicativas por separado.

En Melide, a 30 de setembro de 2019

Asinado:

Amelia Andrés Casal

Claudio Fernández Barreiros

Cristina López Caramés

M^a Dolores Manteiga Gómez

Mercedes Rivas Romero

Ana M^a Staton Nogueira